



## Rafa Furilo 'De dez discos que se mercan de rock só un é galego'

### **M.B.**

*Capitán Furilo*, banda herdeira das cinzas do bravú *Caimán do río Tea*, presenta o seu segundo disco o 7 de novembro no restaurante Cuevas, en Ponteareas. Titúlase *Rock*, toda unha declaración de intencións para encetar novo camiño estilístico no que a enerxía prima sobre o aspecto melódico.

### **Que vai topar o público neste traballo?**

Optamos por un repertorio máis rock, menos melódico, para reflectir no disco a enerxía do directo. Tentamos que as letras fosen máis claras e menos surrealistas que no traballo anterior e cheguen mellor á xente.

### **Que representa na traxectoria da banda?**

Trátase dunha evolución, aínda que incompleta. Pensamos que no noso son caben máis instrumentos, pero marca unha dirección moi clara cara o rock feito en galego. Segue a mesma formación pero incluímos colaboracións como a de Tino Álvarez e a do teclista de *Sugar Mountain*.

### **Como anda o pope e o rock feito en galego?**

Estase a producir unha consolidación de grupos e selos moi destacada. É dicir, vivimos un bo momento no que se refire á oferta e á riqueza de propostas, pero non se corresponde cunha resposta comercial, que faga deste movemento algo popular. No fondo seguimos sendo grupos, activos, pero cun público reducido. Que a nivel popular se consuma máis este tipo de música é un paso que nos está custando dar. De cada dez discos de rock que se venden só un é galego. Penso que se trata dunha cuestión cultural. O rock en galego non é tan lonxevo. Somos herdeiros doutras culturas e seguimos o rock angloamericano, europeo e español.●